

REGULAMENTO

- 1.- O Club Atletismo Tui e o Excmo. Concello de Tui, organizan a "Carreira Popular San Telmo", que se celebrará o próximo sábado 6 de Abril de 2024, a partir das 11:00 horas, no Paseo da Corredoira, no Concello de Tui.
- 2.- Poderán participar todas as persoas estean ou non federadas, aqueles que non teñan Licenza Federativa ou seguro deportivo (escolares) estarán cubertos polo seguro do que dispón a organización. Poderán participar tamén atletas estranxeiros.
- 3.- As inscricións faranse a través da páxina web do club na pestana da carreira (<https://clubatletismotui.wordpress.com/carreira-san-telmo/>), ata o Mércores 3 de abril ás 22h. As inscricións son de balde entregando 1 quilo de alimentos non perecedoiros no momento de recollida do dorsal, non admitíndose inscricións fora de prazo nin no mesmo día da proba.
- 4.- A organización no se responsabiliza dos danos morais ou físicos ocasionados na participación da proba.
- 5.- Todo atleta, polo simple feito de participar, acepta todo o recollido neste regulamento.
- 6.- Os dorsais serán entregados pola organización ata media hora antes do comezo das probas no Paseo da Corredoira de Tui.
- 7.- Entregaranse trofeos aos 3 primeiros clasificados a partir da categoría benxamín no apartado feminino e masculino. Así mesmo tamén serán premiados o primeiro e primeira tudense da categoría absoluta.
- 8.- A proba estará controlada por persoal da organización.
- 9.- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este e falsificar datos persoais.
- 10.- Os atletas deben situarse na Cámara de Chamadas, para control de dorsais, como máximo 10 minutos antes do inicio de cada proba, podendo ser descualificados de non cumprir esta norma. Pola megafonía da organización vanse dando oportunas indicacións ao respecto.
- 11.- Os servizos sanitarios e as ambulancias, estarán situados na zona de Saída/Meta. Calquera corredor con problemas médicos (alergia, atencións especiais etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- 12.- Avituallamento: Habilitado nunha zona concreta ao pasar meta.
- 13.- A organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios.

14.- Orde de saída, horarios e circuitos:

Categoría	Ano Nacemento	Horario	Distancia e voltas
Xuvenil / Junior	05/08	11.00h	5000 m. 1 GR
Senior	entre 1989 e 2004	11.00h	5000 m. 1 GR
Veterán A	entre 1979 e 1988	11.00h	5000 m. 1 GR
Veterán B	1978 ou anterior	11.00h	5000 m. 1 GR
Cadete	09/10	11.45h	2200 m. 1 MED
Infantil	11/12	11.45h	2200 m. 1 MED
Alevín	13/14	12.00h	680 m. 2 PEQ
Benxamín	15/16	12.15h	340 m. 1 PEQ
Prebenxamín	17/18	12.30h	170 m. ½ PEQ
Pitufos	19/20/21	12.45h	100 m. Recta

Volta grande



Volta mediana



Volta pequena

